

Número 3 - Ano 2025

ACTA

da sesión EXTRAORDINARIO, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

11 de marzo de 2025

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dezanove horas do día once de marzo de dous mil vinte e cinco; baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGRO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, Concelleira Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenente de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DONA IRIA BUIDE PENA, Concelleira Delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Unha vez producida a súa toma de posesión como concelleiro deste Excmo. Concello de Lugo, incorpórase á sesión DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac705004384789634823.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 11-3-2025

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 6 de marzo de 2025 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/38 TOMA DE POSESIÓN DE DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO COMO CONCELLEIRO DESTA EXCMA. CORPORACIÓN MUNICIPAL (Exp. 2025/G004/000135).

2/39 ELECCIÓN DE ALCALDE/SA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

Aberto o acto pola Presidencia, e a instancias desta, gárdase un minuto de silencio en memoria da falecida alcaldesa presidenta DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO.

Seguidamente, e de orde da Presidencia, éntrase no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/38 TOMA DE POSESIÓN DE DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO COMO CONCELLEIRO DESTA EXCMA. CORPORACIÓN MUNICIPAL (Exp. 2025/G004/000135).

Recibida neste Concello a credencial -expedida pola Junta Electoral Central con data do 4 de marzo de 2025- na que se designa concelleiro do Concello de Lugo a DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, candidato número 10 do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE ás eleccións locais do 28 de maio de 2023, en substitución, por falecemento, de dona Mercedes Paula Alvarells Fondo.

Presentada o día 5 de marzo a documentación esixida no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e de conformidade co previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica do réxime electoral xeral para os efectos da adquisición da súa plena condición de concelleiro, procede a súa toma de posesión, de conformidade coa fórmula establecida no artigo 1 do Real decreto 707/1979, do 5 de abril.

A continuación a secretaria xeral do Pleno indícalle a don WALDIR SINISTERRA RESTREPO que se desprace cara a mesa presidencial onde se atopa o exemplar da Constitución Española e fórmúlalle a seguinte pregunta:

“Xura ou promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado”.

Don Waldir Sinisterra Restrepo contesta: Lo juro.

Tras o cal, o Alcalde en funcións imponse a Medalla da Corporación e faille entrega da insignia corporativa, pasando logo a ocupar o seu lugar entre os compoñentes do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE.

2/39 ELECCIÓN DE ALCALDE/SA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Neste punto imos proceder á elección do novo alcalde ou alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo conforme ao procedemento legalmente establecido.

Unha normativa que, basicamente, está constituída pola prevista con carácter xeral para a elección de alcalde na sesión constitutiva, loxicamente coas variacións derivadas do feito de que a nosa corporación xa está constituída, de que o prazo para a elección é diferente, estamos a falar de dez días dende o falecemento de dona Paula Alvarellos Fondo, e que a presidencia da sesión plenaria lle corresponde ao alcalde en funcións, isto é, ao primeiro tenente de alcalde, don Rubén Arroxo Fernández.

1.- Procedo a dar lectura ás disposicións legais que rexen esta materia que basicamente se conteñen no artigo 198 da Lei orgánica de réxime electoral xeral que establece que salvo nos supostos previstos nos artigos 197 (moción de censura) e 197 bis (cuestión de confianza), a vacante se resolve conforme ao previsto no artigo 196. Este artigo da lei orgánica contén basicamente tres regras:

a) Establece que poden ser candidatos todos os concelleiros que encabezan as súas correspondentes listas.

b) Establece tamén que se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros é proclamado electo. No caso da corporación municipal de Lugo, ese número de votos é de 13.

c) Se algún deles obtén a maioría é proclamado alcalde, pero se non é o caso resultará proclamado alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolverase ao chou.

Outro artigo alusivo a esta materia é o artigo 19 da Lei reguladora das bases de réxime local, que establece que os concelleiros son elixidos mediante sufraxio

universal, igual, libre, directo e secreto, se ben o alcalde é elixido polos concelleiros ou polos veciños nos termos que estableza a lexislación electoral xeral.

O artigo 60.2 da Lei de Administración local de Galicia pronúnciase en semellantes termos e o artigo 18 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, engade que antes de comezar o exercicio das súas funcións, o alcalde deberá xurar ou prometer o cargo ante o Concello Pleno. O mesmo di o artigo 40 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Outra cuestión por determinar é a **CLASE DE VOTACIÓN** para a elección de alcalde.

Non existe ningunha previsión legal, pero si no noso Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, publicado o 8 de maio de 2007, coas modificacións do ano 2010, que inclúe no seu artigo 76.3 a previsión de que se usará a votación secreta para a elección de alcalde ou alcaldesa.

A seguinte cuestión é a **DETERMINACIÓN DE CANDIDATOS A ALCALDE/SA**.

1.- Consta no expediente escrito de renuncia, do 6 de marzo, de don Rubén Arroxo Fernández que encabeza a correspondente lista da candidatura do Bloque Nacionalista Galego nas pasadas eleccións municipais, o que lle permite convocar e presidir esta sesión plenaria.

2.- Consta no expediente escrito datado o 5 de marzo de renuncia de todos os concelleiros integrantes do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE **agás de don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ**, cabeza de lista por esta candidatura tras o falecemento de dona Paula Alvarellos Fondo.

3.- Constan no expediente escritos datados o 6 de marzo de renuncia dos integrantes da lista da candidatura do Bloque Nacionalista Galego nas pasadas eleccións municipais.

Polo tanto, e tendo en conta isto, vou facerlles unha pregunta aos concelleiros que encabezan as correspondentes listas, iniciando pola persoa que encabeza a lista que obtivo maior número de votos populares, que é dona María Elena Candia López. Voulle facer a pregunta de se acepta ser candidata á Alcaldía nesta sesión plenaria.

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ indica: Moi boa tarde, Sra. secretaria. Dada a grande excepcionalidade do episodio que estamos a vivir nesta tarde, e como mostra de profundo respecto ante esta, e tendo a sensación de dor e tristeza, este grupo renuncia a presentar candidatura.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Moi ben. A resposta é, polo tanto, negativa.

Pregúntolle a don Miguel Fernández Méndez se acepta ser candidato á Alcaldía nesta sesión plenaria.

DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Si, acepto.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Moi ben. Queda, polo tanto, proclamado como candidato á elección para a Alcaldía do Concello de Lugo DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.

En calquera dos casos, o seguinte punto para realizar é a **VOTACIÓN**. É necesario que efectivamente se efectúe unha votación. Para iso temos disposta unha urna. Someramente, indicar que cada un dos concelleiros e concelleiras debe escribir nas papeletas e logo introducir nos sobres que teñen dispostos nos seus correspondentes escanos o nome do candidato, e esa papeleta introducirana no sobre e, cando sexan chamados, ese sobre seralle entregado ao presidente coa finalidade de que o inclúa na urna. Seguidamente, farase o escrutinio e, rematado ese escrutinio, proclamarase o candidato que obtivera os 13 votos que require a maioría absoluta. Pasados uns segundos para que escriban os correspondentes nomes, vou facer chamamento a cada un dos concelleiros, iniciando pola lista que obtivo o maior número de votos populares nas últimas eleccións.

1. DONA ELENA CANDIA LÓPEZ;
2. DONA CRISTINA SANZ ARIAS;
3. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO;
4. DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO;
5. DONA FLORA RUBINOS ROIS;
6. DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN;
7. DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ;
8. DON AGUSTÍN GALLEGRO VIGO;
9. DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO;
10. DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY;
11. DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO;
12. DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ
13. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ,
14. DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN,
15. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA,

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac705004384789634823.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 11-3-2025

16. *DON JORGE BUSTOS ATANASIO,*
17. *DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE,*
18. *DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA*
19. *DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ,*
20. *DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO*
21. *DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ,*
22. *DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN,*
23. *DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS,*
24. *DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ,*
25. *DONA IRIA BUIDE PENA*

O PRESIDENTE: Unha vez finalizado o recuento, don Miguel Fernández Méndez ten 13 votos e hai 12 votos en branco. Polo tanto, queda nomeado DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ como alcalde do Concello de Lugo. Parabéns!

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Seguidamente, téñolle que preguntar a DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ se acepta o cargo de alcalde.

DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Si, acepto.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Moi ben, pois deseguido ten que proceder a prestar xuramento ou promesa.

DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde do Excmo. Concello de Lugo con lealdade a El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

SECRETARIA XERAL DO PLENO: Seguidamente, o Sr. presidente da sesión, don Rubén Arroxo Fernández, dálle posesión do cargo de alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, facéndolle entrega do bastón de mando...

(Entrega do bastón de mando e das insignias corporativas)

Agora pasa a presidir a sesión e pode facer uso da palabra.

DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Sr. delegado do Goberno, presidente da Deputación, delegado da Xunta de Galicia, subdelegada, reitor da USC, parlamentario da Xunta de Galicia, exalcaldesa e parlamentaria Lara, exalcalde Orozco e resto de autoridades, militares, todos os compañeiros da corporación,

traballadores desta casa, asociacións culturais e tecido asociativo etc. que están aquí representados, compañeiros deputados provinciais, alcaldes..., vexo os de Castroverde, Láncara, Ribeira de Piquín, Meira etc., amigos e amigas, moi boa tarde a todos e a todas.

Hoxe para min é un día de sentimentos enfrontados porque é unha sensación agri doce: feliz pola inmensa honra que supón asumir a Alcaldía desta miña cidade (á que amo profundamente), pero triste tamén pola trágica e inesperada ausencia da nosa alcaldesa, compañeira e, sobre todo, amiga, Paula Alvarellos.

Quero comezar, como non podía ser doutra maneira, facendo un recoñecemento expreso ao legado de Paula, quen nun curto espazo de tempo foi quen de asumir as rendas deste Concello e de asentar o seu liderado nesta cidade, e cuxa pegada puidemos comprobar todos recentemente coas innumerables mostras de afecto que recibimos en días pasados.

Tamén quero, como non, mandarlle todo o noso agarimo á súa familia, ao seu marido, Guille e a súa filla, Marta, para dicirlles que teñen o noso afecto e para darlles alento para que continúen adiante a pesar do dolor da súa ausencia, que era, de seguro, o que Paula querería.

Quero agradecer tamén publicamente a actitude mantida en todo momento polos grupos municipais, por todos e cada un dos concelleiros e concelleiras desta corporación, hoxe quedou precisamente manifestado esa vontade neste Pleno, e quero agradecerllo profundamente, eles estiveron en todo momento ao noso carón, compartindo a nosa dor e, dende logo, trasladando de forma continua mostras de apoio e solidariedade, que agradecemos.

Estas nunca deberían ter sido as circunstancias nas que se celebrase un pleno de investidura, pero a vida segue e a cidade merece estabilidade. Por iso cómpre actuar con responsabilidade, guiados por un profundo sentido de vocación de servizo público que é, ademais, unha das liñas que sempre procurarei manter á fronte do goberno deste Concello.

E sei moi ben grazas a quen estou hoxe aquí:

1. A tantos amigos e amigas que me queren ben.
2. Aos moitos veciños e veciñas (moitos deles anónimos) que durante estes días me transmitiron o seu alento e me animaron a asumir esta gran responsabilidade.
3. Ao alcalde Orozco, quen me reclamou para o seu equipo e me deu a oportunidade no seu día de ser concelleiro. Sen querer romper a formalidade do acto, si me gustaría comentar unha anécdota que creo que é bastante clarificadora da miña relación co alcalde Orozco. Eran os días previos ás eleccións municipais do 2015, estaba na miña consulta un venres a última hora, recibo unha chamada

que non tiña memorizada, era o alcalde Orozco, que me di: *neniño, podemos tomar un café esta tarde?* Faltaría máis, lle digo. Acudín a ese café e alí me levei a sorpresa de que me propoñía participar na lista electoral nas eleccións que se ían celebrar. Á parte da sorpresa, acertei a pedirlle que me deixara dous ou tres días, ata o luns, para pensalo e falalo coa miña familia. Iso era un venres, e o sábado a primeirísima hora soou o teléfono e me di: *Migueliño, tes que me dar o DNI*. Deille o DNI, e ata aquí.

4. Á alcaldesa Lara, quen me mantivo no posto, que creu en min e me deu maiores cotas de responsabilidade, así que, amiga Lara, grazas por todo.

5. A José Tomé, o meu presidente da Deputación, polo afectuoso recibimento que me deu na Deputación, precisamente, e o trato amable e cordial que me dispensou sempre, do que moito aprendín nestes tempos e do que sempre estou aprendendo. Grazas, tamén, presidente.

6. Como non, a José Ramón Gómez Besteiro, quen desde sempre e apenas sen coñecerme me tratou cun cariño e deferencia especial e que me deu seguridade e me fixo sentir importante neste proxecto. Grazas, tamén, Jose Ramón.

7. Por suposto, a todos os meus compañeiros e compañeiras do grupo polo seu apoio por confiar en min, dende logo sen o seu apoio non estaría hoxe aquí nestas circunstancias tan agradables.

8. Por suposto, á miña familia, ao meu netiño Cibrán, de cinco anos, que non está aquí, á miña compañeira de vida, Luisa, ao meu fillo Xabier, que non está tampouco, porque resulta que a súa parella é de Estados Unidos e estaba nunha visita estes días, por certo, estiveron a piques de quedar detidos porque na aduana, cando entraron en Oregón, parece ser que levaban unhas armas de destrución masiva moi perigosas que eran dúas mandarinas, e a punto tiveron de quedar alí detidos.

Os que me coñecen saben que trato de ser un home dialogante, moderado e conciliador e así seguirei como alcalde. Quero ser ese Miguel próximo, accesible e pegado á rúa e ás necesidades e inxerencias dos meus veciños e veciñas.

Conto para iso cun equipo unido e comprometido de concelleiros e concelleiras aos que reitero o agradecemento e o seu esforzo e dedicación para seguir avanzando na modernización da cidade e a mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas. Xuntos, non o dubiden, traballaremos arreo para que este gran proxecto de transformación de Lugo, no que xa temos avanzado, continúe medrando e consolidándose.

Sei da solvencia, preparación e compromiso de todos e cada un deles. Por iso, sei tamén que o éxito neste envite o temos asegurado.

Hoxe, quero deixar claro a todas e todos os lucenses, a todas as entidades aquí hoxe representadas o meu compromiso firme de traballar sempre polo ben da cidade, pola súa prosperidade e progreso; facendo meus aqueles proxectos que temos encamiñados e escoitando todas aquelas demandas que nos traslade a cidadanía para, precisamente, tratar de darlles solución.

Sempre co único obxectivo de acadar un Lugo máis harmónico e habitable, con altas cotas de calidade de vida. Un Lugo que sexa orgullo das e dos seus conveciños, no que poidan vivir con comodidade, atopar oportunidades e construír o seu proxecto de vida. Temos unha cidade marabillosa. E quero afondar nese sentimento de orgullo de cidade e de sermos lucenses.

É innegable que temos moito camiño avanzado: é un municipio á vangarda de moitas cousas, cunha elevada proxección e referente en sostibilidade e xeración de talento. Seguiremos traballando para continuar nesta senda para seguir medrando e tecendo sinerxías con todos os sectores e axentes sociais.

Avanzando da man, sen esquecer a ninguén, e velando pola igualdade de oportunidades e pola integración de todos e todas.

Esa será a miña prioridade, na defensa dos valores que nos definen como sociedade e tendo sempre presente a nosa identidade e unha orixe á que nunca debemos renunciar.

Como alcalde progresista manteño a firme convicción de defender o interese xeral sempre dende os dereitos e a xustiza social, dende a aposta polo público e, sobre todo, dende a escoita activa e directa da sociedade lucense. E niso, non teñan dúbida, dedicaremos o noso esforzo.

O reto que hoxe asumo pasa por consolidar a idea de que Lugo continúe converténdose nun lugar de oportunidades: A meta pola que traballarei con toda a forza, ilusión e entusiasmo persegue construír un municipio que siga gañando poboación, que siga gañando en calidade de vida e que consolide a nosa cidade como o referente económico, patrimonial e cultural que a nosa provincia necesita e os nosos veciños nos demandan.

Acepto, pois, este importante compromiso desde a humildade e co convencemento de que a realidade que recibo debe ser o baluarte sobre o que construír un proxecto único que siga mellorando Lugo e a calidade de vida de todos e todas as lucenses. É un auténtico privilexio encabezar esta nova etapa que poden ter por seguro se sostará nos piares construídos ao longo destes anos de goberno socialista nos que, por fortuna, participei.

Iniciamos, xa que logo, unha etapa ilusionante. Co proxecto da transformación do noso centro histórico na súa recta final, obras para as que asumo o compromiso de concluír coa maior brevidade, e de seguir estendendo este proceso de modernización aos nosos barrios e a todas e cada unha das 54 parroquias, porque Lugo debe continuar sendo un referente para afrontar o futuro coas máximas garantías e dotar o noso territorio e o noso tecido produtivo das ferramentas necesarias que lles permitan competir con garantías con calquera outro municipio.

Esta enorme encomenda pasa tamén por honrar o noso pasado e por respectar o legado recibido. Gobernarei para todos e todas as lucenses, escoitando a todos e cada un dos axentes sociais da cidade e traballando por mellorar día a día.

A miña man sempre estará tendida para toda a cidadanía, as portas desta Alcaldía abertas para todos os veciños e veciñas e para todo o tecido social e asociativo lucense, porque teño o firme convencemento de que Lugo debe construírse entre todos e para todos. Por iso, escoitarei, dialogarei e traballarei sempre coa vontade de tender pontes e atopar camiños comúns de progreso e modernidade.

Sempre entendín a política como a ferramenta fundamental para lograr a prosperidade a través da solidariedade como a vía fundamental para mellorar como sociedade sen deixar nunca a ninguén atrás. Por iso, como tratei de demostrar anteriormente na miña vida profesional, velarei en todo momento por garantir uns servizos públicos suficientes e de calidade.

O futuro de Lugo, téño claro, pasa por dispoñer dun espazo urbano moderno, sostible, ecolóxico e acoledor, que achegue calidade de vida e facilite a socialización, por un rural competitivo e innovador e por unha economía dinámica e en continuo crecemento que permita xerar emprego e gañar poboación.

Pero o futuro de Lugo tamén pasa por non perder calidade en servizos públicos de importancia fundamental como a educación, a sanidade ou os servizos sociais. Por iso, non dubidarei en reclamar diante de calquera administración, sexa da cor política que sexa, que cumpra coa súa responsabilidade e as obrigas para con Lugo. A miña prioridade será sempre Lugo e a súa veciñanza.

Levarei a cabo esta responsabilidade afastado sempre da crispación e buscando en cada ocasión a oportunidade de chegar a acordos. Creo firmemente que a política non debe verse como un campo de confrontación, senón como un marabilloso camiño que, a través do diálogo e o entendemento, nos permita avanzar cara a unha sociedade mellor. É na comunicación, no intercambio de ideas e na escoita activa, onde atoparemos as solucións aos retos que enfrontamos como municipio.

Cada decisión que tomemos, cada acción que emprendamos, debe estar guiada polo compromiso co benestar común, a inclusión e o respecto. Non teño dúbida de

que a través deste labor conxunto e o diálogo aberto e continuo, podemos construír unha cidade máis xusta, máis solidaria e máis próspera.

E quero rematar compartindo unha cita do xornalista e premio Pulitzer, Herber Caen, que, entendo eu, resume bastante ben a miña forma de entender o municipalismo: “Unha cidade non se mide pola súa lonxitude e anchura, senón pola amplitude da súa visión e altura de soños”. Convidovos a todos e a todas a que soñemos por un Lugo mellor.

Moitas grazas.

A continuación, o alcalde presidente saúda a todos os compañeiros, autoridades e público asistente.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Excmo. Sr. alcalde dá por rematada a sesión, ás dezanove horas e corenta minutos do expresado día once de marzo de dous mil vinte e cinco, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ao Libro de actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno, dou fe.